

EGAP

Escola Galega de Administración Pública
<http://egap.xunta.es/>

E
G
A
P

20
12

SATISFACCIÓN

FORMACIÓN 2012

Avaliación da satisfacción coa formación impartida pola EGAP no ano 2012



XUNTA DE GALICIA

galicia

Índice xeral

- I. Presentación
- II. Valoracións do alumnado
- III. Valoracións do persoal docente
- IV. Conclusións

Presentación

Por terceiro ano consecutivo, a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) presenta o informe de resultados da satisfacción coa súa acción formativa, no que se expoñen as principais conclusións da avaliación integral das actividades desenvolvidas ao longo do ano 2012 e por medio do cal a EGAP quere reforzar a transparencia e a rendición de contas ante as persoas usuarias dos seus servizos.

O sistema de avaliación empregado para obter a información caracterízase por incluír a opinión dos distintos axentes que participan no proceso formativo (alumnado, docentes, titores/as e xestores/as) e por tomar en consideración as particularidades das diversas modalidades de ensino (presencial e teleformación). Todas as persoas que participan na formación da EGAP poden avaliar a correspondente actividade, a través dos modelos de cuestionario dispoñibles, que incorporan preguntas orientadas a coñecer a satisfacción coa actividade formativa e cos distintos parámetros da formación.

A avaliación é concibida como un proceso sistemático e permanente de recollida de información, que lle posibilita á Escola coñecer os niveis reais de satisfacción coa formación e co labor docente, así como mellorar a calidade das actividades formativas e adecuar a programación da formación ás expectativas dos usuarios/as.

A EGAP vén traballando en diversas iniciativas orientadas a reforzar a transparencia, incrementar a satisfacción dos usuarios/as e garantir a provisión duns servizos de calidade. Así, ademais de reforzar a avaliación das súas actividades, convén destacar que en 2012 foi aprobada a súa Carta de servizos de nivel auditado (Orde do 4 de abril de 2012, DOG núm. 69, do 11 de abril de 2012).

Neste marco xeral de mellora da xestión e da prestación dos servizos, a EGAP, a través da avaliación da súa actividade, pretende incrementar a satisfacción dos seus usuarios/as e prover uns servizos de máxima calidade, contribuíndo, ao mesmo tempo, mediante a difusión dos niveis de satisfacción acadados, á consecución dunha Administración máis transparente, que sitúa ao usuario/a como referente indiscutible da súa actividade.

EGAP

Escola Galega de Administración Pública
<http://egap.xunta.es/>

E
G
A
P
20
12
SATISFACCIÓN

FORMACIÓN 2012

**Avaliación da satisfacción coa formación
impartida pola EGAP no ano 2012**

**VOLUME I: VALORACIÓNS REALIZADAS
POLO ALUMNADO**



XUNTA DE GALICIA

galicia

Índice de contidos

- I. Satisfacción do alumnado cos cursos
- II. Motivos para facer os cursos
- III. A calidade da formación presencial
 - III.I. Valoración dos cursos
 - III.II. Valoración dos docentes
- IV. A calidade da teleformación
 - IV.I. Valoración dos cursos
 - IV.II. Valoración dos titores
 - IV.III. Valoración dos xestores

I. Satisfacción cos cursos

FICHA TÉCNICA

- 1 Número de actividades avaliadas
- 2 Número de enquisas recadadas
- 3 Modalidade das actividades avaliadas

195

4.880




Presencial

Teleformación

Satisfacción do alumnado cos cursos

En conxunto **estou satisfeito de ter feito este curso**



Unha ampla maioría do alumnado (88%) declara estar satisfeito cos cursos realizados na EGAP: en concreto, máis da metade dos alumnos/as (53%) afirma estar “moi satisfeito” e 1 de cada 3 está “bastante” satisfeito co curso realizado.


Media 4,34

Base: 4.880 enquisas
NS/NC = 120 (2,5%)

Escala de resposta 1 a 5

Satisfacción do alumnado cos cursos

En conxunto **estou satisfeito de ter feito este curso**



Tanto as actividades presenciais coma as de teleformación rexistran elevados niveis de satisfacción, cunha media de 4,3 en ambos casos.

PRESENCIAL TELEFORMACIÓN



Medias **4,33** **4,34**

Escala de resposta 1 a 5

Base: 4.880 enquisas
NS/NC = 120 (2,5%)

Satisfacción do alumnado cos cursos

En conxunto **estou satisfeito de ter feito este curso**



Tanto o persoal da Administración autonómica coma o persoal de Xustiza presentan un elevado nivel de satisfacción, se ben o persoal da Administración autonómica é o máis satisfeito coa formación da EGAP.

	ADMÓN. AUTONÓMICA	ADMÓN. XUSTIZA
Medias	4,35	4,24

Escala de resposta 1 a 5

Satisfacción do alumnado cos cursos

En conxunto **estou satisfeito de ter feito este curso**

Destinatario	Modalidade	Media	Respostas
Admón. Autonómica	Presencial	4,34	1.144
	Teleformación	4,35	3.167
Admón. Local	Presencial	4,06	32*
Admón. Xustiza	Teleformación	4,24	417
Total	Presencial	4,33	1.176
	Teleformación	4,34	3.584

O persoal da Administración autonómica, principal destinatario da actividade da EGAP, é, como sinalabamos, **o que declara estar máis satisfeito coa formación**, rexistrando **valores case idénticos para a formación presencial e a teleformación** (4,3 e 4,4 respectivamente). A satisfacción do persoal da Administración autonómica supera lixeiramente á do persoal de Xustiza que participou en cursos *on line*.

Base: 4.880 enquisas
NS/NC = 120 (2,5%)

***NOTA:** Nas actividades dirixidas ao persoal da Administración local, non se dispón dun número suficientemente representativo de enquisas.

Escala de resposta 1 a 5

Satisfacción do alumnado cos cursos

En conxunto **estou satisfeito de ter feito este curso**

Área temática	Media	Respostas
Idiomas	4,50	1.048
Coñecementos transversais	4,43	597
Proceso de traballo	4,32	1.846
Normativa e organización autonómica	4,31	203
Recursos materiais e tecnolóxicos	4,23	22
Específicas do sector competencial	4,20	571
Dirección e xerencia pública	4,17	113
Economía e finanzas	4,00	115
Outros	4,14	245
Total	4,34	4.760

As áreas formativas de idiomas (4,5), coñecementos transversais (4,4) e proceso de traballo (4,3) obteñen moi boas valoracións e estas áreas, ademais de concentrar o maior volume de actividades, aglutinan gran parte da formación estratéxica da escola, como é o caso da formación en materia de tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).


Base: 4.880 enquisas

NS/NC = 120 (2,5%)

Escala de resposta 1 a 5

Satisfacción do alumnado cos cursos

En conxunto **estou satisfeito de ter feito este curso**



Base: 4.880 enquisas
NS/NC = 120 (2,5%)

Escala de resposta 1 a 5

II. Motivos para hacer os cursos

FICHA TÉCNICA

- 1 Número de actividades avaliadas
- 2 Número de enquisas recadadas
- 3 Modalidade das actividades avaliadas

195

4.880




Presencial

Teleformación

Motivacións para facer os cursos

Valore do 1 a 5 os motivos que o levaron a participar nesta actividade formativa




O persoal que realiza cursos na EGAP pon de manifesto a súa vontade de mellorar a propia cualificación e o desempeño profesional: así pois, a **principal motivación para participar en actividades formativas é “axudar a mellorar a miña formación” (4,6)**. Tamén son relevantes outros motivos como “actualizar a miña formación” (4,1) ou “mellorar a calidade do meu traballo” (4,0). Fronte a isto, a “obtención de puntos para a promoción” preséntase como o motivo de menor peso (3,8).

Base: 4.880 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Motivacións para facer os cursos

Valore do 1 a 5 os motivos que lle levaron a participar nesta actividade formativa



“Axudar a mellorar a miña formación” é a opción máis destacada tanto polo alumnado das actividades presenciais coma polos que cursan teleformación (4,6 ambos). Destaca particularmente a escasa importancia que os alumnos/as da formación presencial lle atribúen á “obtención de puntos” para a promoción interna (3,3).

Base: 4.880 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

III. Formación presencial

FICHA TÉCNICA

- 1 Número de actividades avaliadas
- 2 Número de enquisas recadadas
- 3 Modalidade das actividades avaliadas

87

1.268



Presencial

Teleformación

EGAP

Escola Galega de Administración Pública
<http://egap.xunta.es/>

III.1 Valoración dos CURSOS Formación presencial



Escola Galega de
Administración
Pública




XUNTA DE GALICIA

galicia

Valoración dos cursos presenciais

En conxunto estou **satisfeito** de ter feito este curso



Máis da metade dos alumnos/as declara estar **“moi satisfeito”** de ter realizado o curso, outorgándolle así a mellor valoración posible. Ademais, a porcentaxe do alumnado que declara **estar satisfeito** acada un **96%**, o que vén dar conta dun elevado nivel de satisfacción xeneralizado.


Media 4,33

Escala de resposta 1 a 5

Base: 1.268 enquisas
NS/NC = 92 (7,3%)

Valoración dos cursos presenciais

Considera que a **duración** do curso foi...






6 de cada 10 alumnos/as dos cursos presenciais da EGAP pensan que a duración do curso foi axeitada.

Unha terceira parte do alumnado destes cursos estima que a duración foi “demasiado curta”.

Base: 1.268 enquisas
NS/NC = 117 (9,2%)

Escala de resposta 1 a 5




Valoración dos cursos presenciais



O alumnado valora moi positivamente os aspectos organizativos do curso: o 82% considera axeitada a organización (información facilitada, resolución de incidencias etc.) Destaca, sobre todo, a excelente valoración do proceso de inscrición e matrícula, xa que 9 de cada 10 opina que foi claro e sinxelo.

Escala de resposta 1 a 5





Valoración dos cursos presenciais






Os alumnos/as valoran positivamente os contidos das actividades presenciais: o 85% opina que estes se adecuaron aos obxectivos do curso e para 8 de cada 10 o nivel no que se afondou nos contidos foi axeitado.

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos cursos presenciais



Valoración dos cursos presenciais



O **86%** dos alumnos/as estima que o **curso foi interesante** e unha porcentaxe similar, o **84%**, opina que o curso **mellorou a súa formación**. 6 de cada 10 alumnos/as consideran que poderán **poñer en práctica os coñecementos** adquiridos no seu posto de **traballo**.

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos cursos presenciais

	Media	Respostas
En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso	4,33	1.176
O proceso de inscrición e matrícula no curso foi claro e sinxelo	4,49	1.170
A organización do curso foi axeitada (información previa, horario, resolución de incidencias ...)	4,22	1.170
As instalacións onde se impartiu o curso reunían as condicións adecuadas para o seu desenvolvemento	3,84	1.222
Os contidos impartidos axustáronse aos obxectivos do curso...	4,26	1.225
O nivel de profundidade no tratamento dos contidos foi axeitado	4,10	1.219
O balance entre contido teórico e práctico foi axeitado	3,98	1.198
No curso empregáronse materiais que axudaron a seguir o seu contido	3,82	1.216

Base: 1.268 encuestas

Escala de resposta 1 (nada de acordo) a 5 (moi de acordo)

Valoración dos cursos presenciais

	Media	Respostas
Os materiais didácticos utilizados no curso foron os apropiados (actualizados, completos, comprensibles, ...)	3,94	1.205
Os medios técnicos (pantallas, proxectores, TV, ordenadores, software, ...) foron suficientes para o desenvolvemento do curso	4,03	1.218
Os medios técnicos funcionaron correctamente durante o curso	4,13	1.210
Este curso mellorou a miña formación	4,27	1.171
Os coñecementos adquiridos serán aplicables ao posto de traballo que ocupo na actualidade	3,70	1.158
Este curso resultoume interesante	4,33	1.176

Base: 1.268 encuestas

Escala de resposta 1 (nada de acordo) a 5 (moi de acordo)

EGAP

Escola Galega de Administración Pública
<http://egap.xunta.es/>

III.1 Valoración dos DOCENTES Formación presencial



Escola Galega de
Administración
Pública




XUNTA DE GALICIA

galicia

Valoración dos docentes presenciais

Expón con claridade os contidos do curso



O **95%** dos alumnos/as das actividades presenciais consideran que o persoal docente **expón con claridade** os contidos do curso.

Os docentes acadan unha **valoración media de 4,2** (escala 1-5) respecto da súa **capacidade expositiva** para transmitir e facer comprensibles os contidos didácticos.


Media 4,19

Escala de resposta 1 a 5

Base: 4.380 respostas
NS/NC = 346 (7,9%)

Valoración dos docentes presenciais

Motiva e esperta o interese dos asistentes polas materias que imparte



O **92%** dos alumnos/as opina que os docentes **espertan o interese** polas materias que imparten.

A capacidade dos docentes para motivar o alumnado e espertar a súa atención e interese durante o proceso de aprendizaxe é valorada cun **4,1**.


Media 4,09

Base: 4.380 respostas
NS/NC = 371 (8,5%)

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos docentes presenciais

Resolve eficazmente as **dúbdas** dos asistentes



O **95%** dos alumnos/as da formación presencial manifesta que os docentes **resolven as dúbdas eficazmente**. Destaca o feito de que **preto da metade está moi de acordo** coa **capacidade resolutiva** dos docentes á hora de dar resposta ás dúbdas do alumnado sobre a materia.


Media 4,22

Base: 4.380 respostas
NS/NC = 380 (8,7%)

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos docentes presenciais

Cumpre axeitadamente o horario establecido



Preto do 100% dos alumnos/as avalían positivamente o **cumprimento do horario** por parte dos docentes. Ademais, **2 de cada 3** coinciden en sinalar que **están moi de acordo** coa afirmación de que o corpo docente cumpre axeitadamente o horario fixado.


Media 4,53

Base: 4.380 respostas
NS/NC = 369 (8,4%)

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos docentes presenciais

Valoración global do/a profesor/a



O **82%** das respostas sitúanse nas posicións máis altas (4 e 5), á hora de **valorar globalmente os docentes**.


Os alumnos/as da formación presencial da EGAP outórganlles unha **valoración media de 4,2**.

Media 4,21

Base: 4.380 respostas
NS/NC = 365 (8,3%)

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos docentes presenciais



Escala de resposta 1 a 5

IV. Teleformación

FICHA TÉCNICA

- 1 Número de actividades avaliadas
- 2 Número de enquisas recadadas
- 3 Modalidade das actividades avaliadas

108

3.612

Presencial
 Teleformación

EGAP

Escola Galega de Administración Pública
<http://egap.xunta.es/>

IV.1 Valoración dos CURSOS Teleformación



Escola Galega de
Administración
Pública




XUNTA DE GALICIA

galicia

Valoración da teleformación

En conxunto estou **satisfeito** de ter feito este curso



O **54%** dos alumnos/as dos cursos en liña están “**moi satisfeitos**” co curso realizado.

Ademais, ao igual que na formación presencial, a porcentaxe de alumnos/as que declara **estar satisfeito** acada un **96%**, o que pon de manifesto un elevado nivel de satisfacción entre o alumnado dos cursos de teleformación.


Media 4,34

Escala de resposta 1 a 5

Base: 3.612 enquisas
NS/NC = 28 (0,8%)

Valoración da teleformación





Considera que a **duración** do curso foi...






8 de cada 10 participantes dos cursos en liña considera **axeitada a duración** fixada para o curso. Un **15%** estima, porén, que o curso no que participou **se debería ter prolongado** durante máis tempo.

Base: 3.612 enquisas
NS/NC = 156 (4,3%)

Valoración da teleformación






Valoración da teleformación







A maioría dos alumnos/as está “de acordo” ou “moi de acordo” con que lles facilitaron información suficiente acerca do “funcionamento da plataforma”, “o modo de traballar no curso” e o “sistema de avaliación”, acadando niveis ao redor do 86% en todos os casos.

Valoración da teleformación






O **76%** está “de acordo” ou “moi de acordo” con que lle ofreceron **solucións eficaces para a resolución dos problemas técnicos** e, ademais, o **73%** comparte a premisa de que o **soporte técnico do curso resolveu adecuadamente** os eventuais problemas durante o desenvolvemento do curso.

Valoración da teleformación






Valoración da teleformación



As actividades en liña da EGAP posibilitan a creación de marcos de colaboración e, a este respecto, **9 de cada 10** está “de acordo” ou “moi de acordo” con que tivo a **posibilidade de interactuar** con outros alumnos/as e co titor/a. A “flexibilidade” e a posibilidade de “**autoorganización**” rexistran, ademais, niveis de acordo do **87%** e o **83%** respectivamente.

Valoración da teleformación



O **83%** dos alumnos/as das actividades *on line* están “de acordo” ou “moi de acordo” con que o curso lle serviu para **mellorar a súa formación** e o **73%** expresa o mesmo nivel de acordo en canto a que o curso lle resultou **motivador e interesante**. A metade do alumnado considera que **poderá aplicar no seu posto de traballo** os coñecementos adquiridos coa formación.

Valoración da teleformación

	Media	Respostas
A inscrición ao curso resultoume sinxela	4,63	3.575
Os contidos do curso resultáronme comprensibles	4,02	3.595
Os exercicios e supostos prácticos propostos teñen aplicabilidade práctica	4,30	3.582
As actividades melloraron a comprensión e aprendizaxe da materia	4,12	3.593
Facilitáronme información suficiente sobre o funcionamento da plataforma	4,40	3.538
Facilitáronme información suficiente sobre o modo de traballar no curso	4,38	3.542
Déronme información suficiente sobre o sistema de avaliación	4,33	3.581

Base: 3.612 encuestas

Escala de resposta 1 (nada de acordo) a 5 (moi de acordo)

Valoración da teleformación

	Media	Respostas
O curso desenvolveuse sen problemas técnicos	3,86	3567
Ofrecéronme solucións eficaces para resolver problemas técnicos	4,05	3097
O servizo de soporte técnico do curso resolveu todos os meus problemas adecuadamente	3,95	3038
A navegación a través do curso é sinxela	4,00	3571
O manexo das diversas ferramentas é sinxelo	4,10	3576
As ferramentas complementarias (glosario, foro, lecturas...) son suficientes e de calidade	3,83	3516
Non necesitei instalar outras aplicacións ou programas para poder visualizar o curso	3,95	3559

Base: 3.612 encuestas

Escala de resposta 1 (nada de acordo) a 5 (moi de acordo)

Valoración da teleformación

	Media	Respostas
A metodoloxía formativa proposta permitíume autoorganizar o meu proceso de aprendizaxe	4,25	3.582
Ofrecéuseme flexibilidade á hora de abordar os contidos	4,37	3.580
Durante o curso permitíuseme interactuar cos outros alumnos e titor/es	4,47	3.542
Este curso mellorou a miña formación	4,26	3.590
Os coñecementos adquiridos serán aplicables ao posto de traballo que ocupo na actualidade	3,37	3.530
O curso pareceume motivador e interesante	3,99	3.560

Base: 3.612 encuestas

Escala de resposta 1 (nada de acordo) a 5 (moi de acordo)

EGAP

Escola Galega de Administración Pública
<http://egap.xunta.es/>

IV.11 Valoración dos TITORES Teleformación



Escola Galega de
Administración
Pública




XUNTA DE GALICIA

galicia

Valoración dos titores de teleformación

O titor **motivoume e apoioume** ao longo de todo o curso



No **95%** dos casos, o alumnado considera que **o titor/a os motivou e apoiou** durante o curso. Rexístrase, así pois, un importante nivel de apoio á labor de seguimento individualizado e motivación que desempeñan os tutores/as das actividades de teleformación.


Media 4,33

Base: 4.483 respostas
NS/NC = 114 (2,5%)

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos titores de teleformación

Realizou un **USO** adecuado das **ferramentas complementarias** do curso (dinamización de foros, chats, etc.).




No **94%** dos casos, os alumnos/as consideran que o titor/a realizou un **uso adecuado das ferramentas dispoñibles**, o que implica un axeitado labor de dinamización das aulas virtuais de teleformación, a partir das potencialidades que brinda esta modalidade de ensino.

Media 4,27

Base: 4.483 respostas
NS/NC = 168 (3,7%)

Escala de resposta 1 a 5

Resolveu adecuadamente todas as miñas dúbidas



No **92%** dos casos, a valoración emitida é que os titores/as da EGAP están a **resolver axeitadamente as dúbidas** formuladas. Cómpre destacar que **case 6 de cada 10 alumnos/as** están **“totalmente de acordo”** á hora de valorar a adecuada capacidade de resposta ás dúbidas por parte dos titores/as.


Media 4,29

Base: 4.483 respostas
NS/NC = 401 (8,9%)

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos titores de teleformación

Respondeu aos meus correos no tempo establecido



No **93%** dos casos, o alumnado considera que as súas dúbidas obtiveron **resposta por parte dos titores/as dentro do prazo establecido**. Un elevado **63%** está **“totalmente de acordo”** con esta afirmación.


Media 4,37

Base: 4.483 respostas
NS/NC = 462 (10,3%)

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos titores de teleformación

Proporcionoume **información** clara e completa sobre os resultados da miña **avaliación**



No **95%** dos casos, os alumnos/as consideran que o titor/a lles proporcionou **información clara e completa sobre os resultados da avaliación**. A porcentaxe dos que están **“totalmente de acordo”** con esta afirmación acada o **62%**.


Media 4,42

Base: 4.483 respostas
NS/NC = 117 (2,6%)

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos titores de teleformación

Proporcionoume **información** e documentación adicional para **ampliar** os **contidos** do curso



Nun **92%** dos casos, os alumnos/as consideran que o **titor/a** lles **proporcionou información e documentación adicional** que lles posibilitou ampliar os contidos da actividade formativa, no caso de teren interese en afondar na correspondente materia de estudo.


Media 4,21

Base: 4.483 respostas
NS/NC = 307 (6,8%)

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos titores de teleformación

Valoración global do titor/a




Un 87% das respostas amosan unha valoración moi favorable do labor desempeñado polos titores/as: case 6 de cada 10 respostas valoran cun 5 os titores/as, isto é, sitúanse no máximo valor da escala e a segunda valoración máis recorrente é o 4, onde se sitúan 3 de cada 10.

Media 4,39

Base: 4.483 respostas
NS/NC = 71 (1,6%)

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos titores de teleformación



Escala de resposta 1 a 5

EGAP

Escola Galega de Administración Pública
<http://egap.xunta.es/>

IV.III Valoración dos XESTORES Teleformación



Escola Galega de
Administración
Pública




XUNTA DE GALICIA

galicia

2012 Valoración dos xestores de teleformación

O xestor **motivoume e apoioume** ao longo de todo o curso



Os alumnos/as valoran positivamente o labor de motivación e acompañamento desempeñada polos xestores/as das actividades de teleformación: **9 de cada 10 alumnos/as** dos cursos en liña da EGAP consideran que **o xestor/a os motivou e apoiou durante o curso.**


Media 4,20

Base: 3.612 enquisas
NS/NC = 443 (22,3%)

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos xestores de teleformación

Resolveu adecuadamente as miñas dúbidas relativas á organización e planificación




Para 9 de cada 10 alumnos/as dos cursos *on line*, o xestor/a resolveu adecuadamente as súas dúbidas relativas á organización do curso. Esta é, xunto co seguimento e apoio ao alumnado, outra das vertentes fundamentais do labor dos xestores/as da teleformación.

Media 4,16

Base: 3.612 enquisas
NS/NC = 629 (17,4%)

Escala de resposta 1 a 5

Respondeu aos meus correos no tempo establecido



Case 6 de cada 10 alumnos/as están **“totalmente de acordo”** con que os xestores/as lles responderon no tempo establecido. Dadas as especiais características da formación en liña, a axilidade nas respostas resulta fundamental para o correcto desenvolvemento do curso.


Media 4,22

Base: 3.612 enquisas
NS/NC = 718 (19,9%)

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos xestores de teleformación

Proporcionoume **información** clara e completa sobre os avances do meu **traballo**



Un **54%** está **“totalmente de acordo”** con que o xestor/a lle proporcionou **información clara e completa sobre os avances do seu traballo**, de xeito que os alumnos/as perciben unha retroalimentación permanente acerca dos avances no curso.


Media 4,25

Base: 3.612 enquisas
NS/NC = 494 (13,7%)

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos xestores de teleformación

Valoración global do xestor/a



A gran maioría do alumnado **valora positivamente o labor do xestor/a**. O **55%** dos alumnos/as outórganlle a **puntuación máxima** ao persoal encargado da xestión dos cursos de teleformación.

Media 4,26

Base: 3.612 enquisas
NS/NC = 419 (11,6%)

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos xestores de teleformación



Escala de resposta 1 a 5

EGAP

Escola Galega de Administración Pública
<http://egap.xunta.es/>

E
G
A
P
20
12
SATISFACCIÓN

FORMACIÓN 2012

**Avaliación da calidade da formación
impartida pola EGAP no ano 2012**

**VOLUME II: VALORACIÓNS REALIZADA
POLO PERSOAL DOCENTE**




XUNTA DE GALICIA

galicia

Índice de contidos

- I. Autoavaliación
- II. Valoración do curso
- III. Valoración da EGAP

Que **puntuación global** lle daría ao seu **labor docente**?




O proceso de autoavaliación supón que o docente leva a cabo un auto-exame da súa actuación no curso e, a este respecto, a **gran maioría valora positivamente o seu labor docente**, que, nun terzo dos casos, cualifican como “moi bo”.

Media 4,29

Base: 314 respostas
NS/NC = 20 (6,4%)

Escala de resposta 1 a 5

Que **puntuación global** lle daría ao seu **labor docente**?



Tanto os titores/as coma os docentes valoran positivamente o labor desempeñado, se ben os titores/as dos cursos *on line* amosan unha autopercepción máis favorable: o 42% dos titores/as considera o seu labor docente como “moi bo” (vs. 28% dos docentes).

PRESENCIAL TELEFORMACIÓN

Medias


4,22

4,40

Base: 314 respostas
NS/NC = 20 (6,4%)

Escala de resposta 1 a 5


Valore de 1 a 5 cada un dos seguintes aspectos do seu **labor como docente** deste curso



Entre as cuestións propostas, a **“preparación previa dos contidos”** e o **“fomento da participación dos alumnos/as”** son os **aspectos mellor valorados** polos propios docentes á hora de avaliar a realización do seu traballo (4,3 nunha escala do 1 ao 5 en ambos casos).

Escala de resposta 1 a 5

Valore de 1 a 5 cada un dos seguintes aspectos do seu **labor como docente** deste curso




A diferenza máis salientable entre ambas modalidades (medio punto) apréciase na “adaptación dos contidos aos alumnos/as”: os docentes da formación presencial disporían, así pois, dunha maior marxe de actuación á hora de adecuar os contidos ao perfil do alumnado.

Escala de resposta 1 a 5

Valoración do curso

Que **puntuación global** lle daría ao curso?



A **valoración do curso** por parte do persoal docente acada unha valoración media de **4,3** puntos sobre 5. **Un terzo dos docentes** valoran a actividade formativa como “**moi boa**”.


Media 4,28

Base: 314 respostas
NS/NC = 22 (6,7%)

Escala de resposta 1 a 5

Valoración do curso

Que **puntuación global** lle daría ao curso?



Se atendemos á **modalidade de impartición, apenas se rexistran diferenzas** nas valoracións do curso. En **campos** casos, ao redor do **95%** do persoal docente considera o curso como **“bo”** ou **“moi Bo”**.


	PRESENCIAL	TELEFORMACIÓN
Medias	4,26	4,31

Base: 314 respostas
NS/NC = 22 (6,7%)

Escala de resposta 1 a 5

2012 Contidos vs. duración

Considera vostede que a **relación** entre os **contidos** e a **duración** do curso é...?




8 de cada 10 docentes que participaron nas actividades formativas da EGAP en 2012 **consideran axeitada a duración do curso**, atendendo aos contidos abordados. Un **18%** considera que o curso debería ter unha duración maior.

Base: 314 respostas
NS/NC = 28 (8,9%)

Contidos vs. duración

Considera vostede que a **relación** entre os **contidos** e a **duración** do curso é...?




Os docentes dos cursos presenciais consideran as accións formativas como demasiado curtas en maior medida que os tutores/as dos cursos en liña (19% vs. 15%). Así pois, a **demanda dunha maior duración** dos cursos está máis presente nas **actividades presenciais**.

Base: 314 respostas
NS/NC = 28 (8,9%)

2012 Logro dos obxectivos

Pensa vostede que se **cumpriron os obxectivos** marcados ao principio do curso?




En todos os casos, os docentes dan por cumpridos os obxectivos fixados ao comezo do curso e, en concreto, un 84% dos docentes considera que os obxectivos se cumpriron na súa totalidade. Para o 16% restante, as metas fixadas acadáronse, cando menos, parcialmente.

Base: 314 respostas
NS/NC = 32 (10,2%)

Logro dos obxectivos

Pensa vostede que se **cumpriron os obxectivos** marcados ao principio do curso?




Respecto ao **cumprimento dos obxectivos**, non se rexistran diferenzas salientables e os **resultados atópanse equilibrados en ambas modalidades formativas**. Así pois, un 85% dos titores/as dos cursos *on line* e un 83% dos docentes das actividades presenciais estima que os obxectivos se cumpriron na súa totalidade.

Base: 314 respostas
NS/NC = 32 (10,2%)

Valoración do alumnado

Sinale o grao de adecuación de cada un dos seguintes aspectos relacionados cos asistentes ao curso




Base: 314 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración do alumnado

Sinale o grao de adecuación de cada un dos seguintes aspectos relacionados cos asistentes ao curso



Base: 314 respostas

Escala de resposta 1 a 5

EGAP

Escola Galega de Administración Pública
<http://egap.xunta.es/>

Conclusións



Escola Galega de
Administración
Pública



XUNTA DE GALICIA

galicia

Satisfacción coa formación...

- O **nivel de satisfacción** coa formación por parte do alumnado é **moi elevado**, cunha media de 4,34 (nunha escala do 1 ao 5), de xeito que as actividades formativas desenvolvidas pola EGAP están a ser moi ben valoradas entre os seus participantes.
- Os datos de satisfacción coa acción formativa da EGAP amosan, ademais, unha **tendencia positiva**, ao pasar de 4,28 no 2010 ao 4,34 en 2012, o que reflicte os esforzos que a Escola está a acometer para mellorar a formación.
- Tanto as **actividades presenciais** coma as de **teleformación** rexistran **elevados niveis de satisfacción** (máis da metade do alumnado considérase “moi satisfeito”) e non se constatan diferenzas significativas entre ambas modalidades.
- O **persoal da Administración Autonómica** (principal receptor da actividade formativa da EGAP) presenta unha **valoración media** de satisfacción (4,4) **lixeramente superior á do persoal da Administración de Xustiza** (4,2).

- **O alumnado valora positivamente tanto os docentes da formación presencial coma os titores/as da teleformación**, que acadan valoracións medias de 4,2 e 4,3 respectivamente, o que representa un importante apoio ao labor desempeñado polos colaboradores docentes da Escola.
- Unha ampla maioría do alumnado que participou nas actividades formativas desenvoltas ao longo de 2012 estima que **os docentes e titores/as expoñen con claridade os contidos, motivan o alumnado e resolven eficazmente as dúbidas** (con niveis de apoio superiores ao 90%).
- **Os xestores/as ou dinamizadores da teleformación** obteñen unha valoración media de 4,3, rexistrándose **valoracións moi positivas** para as distintas vertentes do seu labor.

Motivación para hacer os cursos

- **O principal motivo** que levou o alumnado a participar nas accións formativas da EGAP en 2012 foi o de “**axudar a mellorar a miña formación**” (cunha valoración media de 4,6). O persoal que realiza cursos na EGAP pon de manifesto, así pois, unha clara vontade de mellorar a propia cualificación e o desempeño profesional. Por contraposición, a obtención de puntos para concursos é a motivación que ocupa a última posición por orde de importancia.
- Destaca a **escasa importancia que o alumnado da formación presencial lle atribúe á “obtención de puntos”** (3,3), o que evidenciaría unha motivación superior para mellorar a propia formación e a cualificación profesional entre o alumnado que participa nas actividades presenciais.

Adquisición de competencias...

- Unha ampla maioría opina que **o curso lle resultou motivador e interesante**, polo que o alumnado estaría a poñer de manifesto que o enfoque formativo foi axeitado, que a actividade resultou instrutiva e que se xerou, en último termo, un ambiente propicio para a adquisición de coñecementos.
- Ademais, convén destacar que o 83% do alumnado admite que, a través da actividade formativa realizada, **adquiriu novas competencias** que lle axudaron a mellorar a súa formación.
- No que respecta á aplicabilidade dos coñecementos adquiridos, e malia ao feito de que hai moitos cursos non concibidos en función da súa aplicabilidade directa, a maioría dos alumnos/as considera que **poderá levar á práctica os coñecementos adquiridos** coa formación no seu posto de traballo.
- En definitiva, cabe concluír que **a EGAP está a dar unha resposta satisfactoria ás expectativas de mellora da formación e competencia profesional** do alumnado que accedeu á formación.

Aspectos organizativos...

- 8 de cada 10 alumnos/as das actividades de teleformación e 6 de cada 10 da formación presencial estiman que a **duración do curso foi axeitada**. Igualmente, entre o persoal docente, 8 de cada 10 considera apropiada a duración do curso.
- A **demanda dunha maior duración dos cursos** ten máis presenza no caso da **formación presencial**: esta opinión compártena unha terceira parte do alumnado dos cursos presenciais e 2 de cada 10 docentes destas actividades.
- **O alumnado valora positivamente a información recibida** nas actividades de teleformación, acerca do funcionamento da plataforma, a metodoloxía de traballo no curso (4,4 ambos) e o sistema de avaliación (4,3).
- **Os alumnos/as valoran de forma excelente o proceso de inscrición e matrícula** (4,6 e 4,5), recoñecendo así o aproveitamento das novas tecnoloxías por parte da EGAP na xestión das actividades formativas.

Metodoloxías de ensino...

- Gran parte do alumnado das actividades presenciais (85%) considera que **os contidos se adaptaron aos obxectivos do curso**, o que reflicte o esforzo acometido nos deseños curriculares, para acadar os obxectivos de aprendizaxe.
- Así mesmo, a maioría do alumnado das actividades presenciais opina que **o nivel no que se afondou nos contidos foi o axeitado** (opinión que comparten 8 de cada 10 alumnos/as).
- Ademais, 3 de 4 alumnos/as consideran que **o reparto entre os contidos teóricos e prácticos se atopa equilibrado**, o que constitúe un dato positivo, que reforza a aposta da EGAP polo incremento dos contidos prácticos.
- Nas actividades de teleformación, o alumnado outórgalles excelentes valoracións ás diversas cuestións específicas desta modalidade, como son a “posibilidade de **interacción** con outros alumnos/as e co titor/a” (4,5), a “**flexibilidade** á hora de abordar os contidos” (4,4) ou a “posibilidade de **autoorganización** do proceso e aprendizaxe (4,2).

A opinión dos docentes...

- **A valoración media das actividades formativas por parte do persoal docente é de 4,3.** Non se rexistran diferenzas salientables entre os docentes da formación presencial e os titores/as das actividades en liña.
- **O persoal docente dá por cumpridos maioritariamente os obxectivos fixados ao comezo do curso** e, en concreto, un 84% deles considera que os obxectivos se cumpriron na súa totalidade.
- O persoal docente expresa a súa **satisfacción co labor desempeñado (4,3)**, se ben a autopercepción é máis favorable no caso dos titores/as da teleformación.
- A **“preparación previa dos contidos”** e o **“fomento da participación do alumnado”** son os aspectos que o persoal docente valora máis positivamente á hora de avaliar o traballo desempeñado e o esforzo investido.
- Existe unanimidade ao **valorar a resposta da EGAP** ante as solicitudes do propio persoal docente, do alumnado e ante os imprevistos, de xeito que o persoal docente considera que en todos estes casos a Escola **respondeu dun xeito áxil e eficaz.**

En síntese...

- Os principais resultados do informe amosan un **panorama positivo** respecto do **nivel de satisfacción do alumnado** coa acción formativa da EGAP nas distintas modalidades de ensino e co labor docente.
- **O alumnado valora dun xeito favorable** a organización dos cursos, a procura dunha **orientación práctica** para a formación e a aposta polas **metodoloxías** que favorecen unha aprendizaxe **flexible**, que facilita a conciliación dos tempos.
- No entanto, a **EGAP continuará** a centrar o seu labor **na mellora da calidade** das actividades formativas que desenvolve, promovendo a satisfacción dos usuarios/as e a adecuación dos servizos que presta ás expectativas do alumnado.
- A avaliación permanente da súa acción formativa posibilitalle á **EGAP** dispoñer de información para a **mellora da programación e da xestións** das súas actividades e, ao mesmo tempo, fai partícipe ao alumnado deste proceso de mellora.
- Ademais, ao facer públicos os principais resultados da avaliación, a EGAP está a **reforzar a transparencia e a rendición de contas** ante os usuarios/as e a cidadanía.

EGAP

Escola Galega de Administración Pública
<http://egap.xunta.es/>

Contacto

Unidade de Investigación, Avaliación e Calidade

Correo electrónico: investigacion.egap@xunta.es
Teléfonos: 981 546 245, 981 546 331 ou 981 546 333.

Escola Galega de Administración Pública
Rúa de Madrid, 2-4. 15707 Santiago de Compostela
Páxina web: <http://egap.xunta.es/>

